RECOÑÉCESE A ELECTROSENSIBILIDADE COMO CAUSA DE INCAPACIDADE PARA TRABALLAR PERO CONSOLÍDANSE, POR REAL DECRETO, OS ALTOS NIVEIS LABORAIS DE ELECTROPOLUCIÓN

A APDR, como coordinación galega da PECCEM, congratúlase do recoñecemento da Electrohipersensibilidade (EHS) como causa de incapacidade para traballar en ámbitos "con Wi-Fi, telefonía sen fíos e antenas de telefonía móbil"; ao tempo que rexeita a nova normativa laboral que, na liña solicitada polos lobbies das telecomunicacións, consolida os elevados límites de contaminación electromagnética sen incidir nas alternativas tecnolóxicas que a reducen.

O **Tribunal Superior de Xustiza de Madrid (TSJM) recoñeceu recentemente a un enxeñeiro de telecomunicacións da multinacional Ericsson unha incapacidade permanente total para traballar en entornas de contaminación electromagnética**[1], sentenza exemplar no Estado Español [2] que deixa en evidencia a ausencia de Zonas Brancas e a existencia duns límites de exposición desfasados que non teñen en conta os bioefectos recollidos pola biografía médica, en contradición, entre outros, coas alertas da Axencia Europea do Medio Ambiente desde 2007 [3], as Resolucións do Parlamento Europeo en 2008-2009 [4] e da Asemblea Parlamentar do Consello de Europa –APCE- en 2011 [5], así como co Ditame da Sección TEN do Comité Económico e Social Europeo do 2015 [6] e a aposta de entidades autonómicas e municipais pola aplicación da resolución 1815 da APCE e/ou o recoñecemento da EHS [7] dende 2011 ata a actualidade.

O TSJM segue os pasos xudiciais xa iniciados tanto no Estado Español [8] como en outros países comunitarios e extracomunitarios [9], en consonancia coa resolución do Parlamento Europeo en 2009 que "pide aos Estados membros seguir o exemplo de Suecia recoñecendo a hipersensibilidade eléctrica como unha discapacidade, co fin de garantir unha protección adecuada e igualdade de oportunidades ás persoas que a sofren" [10]; e na liña do compromiso de numerosas asociacións profesionais do ámbito da saúde e o medio ambiente [11], e de numerosos chamamentos internacionais [12].

Por outra banda, uns quince días despois de emitirse esta sentenza apróbase o Real Decreto 299/2016, de 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición aos campos electromagnéticos [13]. Se os límites de exposición á contaminación electromagnética permitidos á poboación xeral [14] son cuestionados por atender só aos efectos térmicos, **este Real Decreto permite límites de exposición aínda maiores no posto de traballo**. Esta norma de saúde laboral aínda que recoñece a existencia dos bioefectos, non contempla nin informa dos efectos a longo prazo (rexistrados en límites moito menores aos permitidos na poboación xeral [15]), nin establece as indicacións concretas de como minimizar (tecnolóxicamente e polos tipos de uso) a súa exposición, indicacións que por outro lado xa están dando axencias sanitarias e asociacións profesionais [16].

Estas medidas contrastan coas chamadas á prevención dende o ámbito sindical, especialmente no ámbito escolar, reivindicando o "fomento da conexión a Internet por cable, para evitar os problemas de saúde derivados das conexións Wifi, e favorecer a integración na comunidade escolar das persoas con hipersensibilidade electromagnética"[17], como xa aplícase nas escolas infantís en Francia [18] ou nas escolas infantís municipais de Hospitalet [19].

Dende as organizacións que participamos na PECCEM, impulsores das mocións municipais contra a Lei Xeral de Telecomunicacións de 2014 [20] e do recoñecemento e atención integral da EHS [21], así como

co-impulsores do Manifesto Europeo por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos que protexa realmente á saúde [22], seguemos a solicitar ás distintas administracións medidas de protección reais ante a contaminación electromagnética en todos os ámbitos da vida e especialmente na poboación infantoxuvenil, na liña da Resolución 1815 da APCE e do Ditame da Sección TEN do CESE de xaneiro de 2015.

Un saúdo cordial do equipo de coordinación da *Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética* (PECCEM), dende as distintas comunidades autónomas,

Ángel Bayón, Comunidade de Castela e León. Enlace da PECCEM na Confederación Estatal de Asociacións Veciñais (CEAV). Presidente da "Asociación Vallisoletana de Afectad@s por las antenas de Telefonía" (AVAATE)

Asunción Laso, Comunidade de Castela e León. Asociación Vallisoletana de Afectad@s por las Antenas de Telefonía (AVAATE)

Eduard Antequera, Comunidade de Catalunya. Presidente da "Associació ENSALUT".

Irune Ruiz, Comunidade do País Vasco. Coordinadora Vasca de Afectad@s por Campos Electromagnéticos (EKEUKO-COVACE), SOS Electrohipersensibilidad -Enfermedades Ambientales de Sensibilización Central (SOS EHS-EASC).

Xulio Carmona, Comunidade Galega. Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), asesor de contaminación electromagnética da Federación Ecoloxista Galega.

Fini Manso, Comunidade galega.

Laura Cobos, Comunidade de Navarra. Presidente da Asociación de Afectad@s de Navarra por Campos Electromagnéticos (ASANACEN-EEKNE)

Pedro Belmonte. Comunidade de Murcia. Comisión Estatal de Contaminación Electromagnética de Ecoloxistas en Acción.

Mercedes González, Comunidade de Madrid. Comisión de contaminación electromagnética da "Federación Regional de Asociaciones Vecinales de Madrid" (FRAVM).

Minerva Palomar. Comunidade de Madrid. Presidenta de Electro e Químico Sensibles polo Dereito á Saúde (EQDS)

Juan Manuel Puértolas, Comunidade de Aragón. "Asociación Independiente para Defender la Salud" (ASIDES).

Rubén García, Comunidade de Asturias. "Plataforma Asturiana Escuela sin Wi-FI".

María del Mar Rosa, Comunidade de Murcia. Electro e Químico Sensibles polo Dereito á Saúde (EQDS).

José Caselles, Comunidade Valenciana e Murcia. "Plataforma Contra la Contaminación Electromagnética de la Región de Murcia".

http://www.apdr.info/, https://www.facebook.com/pages/Asociación-Pola-Defensa-da-Ría/274485385946654, apdr@apdr.info

http://www.peccem.org/, https://www.facebook.com/peccem, coordinacion@peccem.org

http://electrosensiblesderechosalud.org/ electrosensiblesderechosalud@gmail.com

1.- Ver "noticias jurídicas": http://noticias.juridicas.com/actualidad/jurisprudencia/11248-una-sentencia-considera-por-primera-vez-la-quot;electrosensibilidadquot;-como-causa-de-incapacidad-permanente-total/

2.- Ver sentenza:
http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Legislacion/sentencias/Sentencia.5882016.TSJM.EHS.pdf

3.- Ver comunicacións da Axencia Europea do Medio Ambiente (AEMA / EEA) en apoio ao Informe BioInitiative, entre outros, como base dunha alerta temperá sobre os campos electromagnéticos:

- En 2007, fai público un aviso titulado "**Radiation risk from everyday devices assessed**": http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%F3n_AEMA_apoio_Bioinitiative.pdf

- En 2008-2009, na **Comisión de medio ambiente, saúde pública e seguridade alimentaria do Parlamento Europeo**.

- En 2009, na ***International Expert Conference on Cell Phones and Health: Public Policy Questions***, Washington, 15 Setembro de 2009, co relatorio "**Statement on Mobile Phones**":
http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Directora_AEMA_2009.gal.pdf

- En 2011:

- Na **audición sobre campos electromagnéticos do Consello de Europea** (25.02.2011) en París, co relatorio "**Statement on Mobile Phones and the Potential Head cancer risken**":
http://www.icems.eu/docs/StatementbyJMGFeb252011.pdf?f=/c/a/2009/12/15/MNHJ1B49KH.DTL

- Na **Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Asuntos Territoriais da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa**. Ver apartado B punto 4.21 da versión galega do documento 12608:
http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Institucions_Europeas/P.A.C.E.06.05.11_gal.pdf

- En 2013, na publicación do volume 2 de "Leccións tardías de alertas temperás" da AEMA, no seu capítulo 21 "**Mobile phone use and brain tumour risk: early warnings, early actions?"**:
http://www.eea.europa.eu/publications/late-lessons-2/late-lessons-chapters/late-lessons-ii-chapter-21

4.- Parlamento Europeo (2008 e 2009):

- Resolución de setembro de 2008, sobre a Revisión intermedia do Plan de Acción Europeo sobre Medio Ambiente e Saúde 2004-2010 (2007/2252(INI). Ver extracto:
http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%F3n_%20Parlamento_%20Europeo_%28Bioinitiative%29.pdf

- Resolución do Parlamento Europeo, de 2 de abril de 2009, sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos (P6_TA(2009)0216)
[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Parlamento%20Europeo/Informe%2023.02.2009gal.pdf]

5.- Resolución 1815 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa (APCE) sobre Perigos potenciais dos campos electromagnéticos e seus efectos sobre o medio ambiente (27.05.2011). Ver nota de prensa e resolución:
http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Institucions_Europeas/Resolucion.A.P.C.E.27.05.11_prensa.pdf,
http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Institucions_Europeas/Resolucion.A.P.Consello.Europa.27.05.11.pdf

6.- Comité Económico e Social Europeo (CESE): ver ditame sobre hipersensibilidade electromagnética, aprobado el 7 de xaneiro de 2015 pola Sección Especializada TEN [en castelán: https://webapi.eesc.europa.eu/documentsanonymous/eesc-2014-05117-00-02-as-tra-es.doc e en portugués: https://webapi.eesc.europa.eu/documentsanonymous/eesc-2014-05117-00-02-as-tra-pt.doc] , ver más sobre este proceso truncado [http://www.peccem.org/EHS-CESE.html].

7.- O **Parlamento Vasco, o Parlamento Foral de Navarra e diferentes concellos** (como Barakaldo, Errentería, Espartinas, Hospitalet, Jerez de la Frontera, Donostia, Gasteiz, as Xuntas Xerais de Guipúzcoa) xa solicitaron incluír as

recomendacións da Resolución 1815 da APCE. O Parlamento Asturiano xa solicitou recentemente o recoñecemento das enfermidades de Sensibilización Central (como a SQM e a EHS). Concellos como o de Palencia e o de Pinto tamén solicitaron o recoñecemento da EHS. Recentemente concellos como o de Tarragona (01.12.2015) aprovaron un plan de rescate para as persoas afectadas de Síndromes de Sensibilización Central.

8.- Ver noticia da **primeira sentenza recoñecendo a EHS como incapacidade** no Estado Español (2011): http://www.apdr.info/relac_medios/Plan.Tarragona.03.12.15-gal.pdf

9.- Sentenzas xudiciais sobre a EHS que recoñecen as pensións permanentes por incapacidade ou outro tipo de compensacións no Reino Unido (2012), Australia (2013), Alemaña (2014), Francia (2012-2015). Ver nota 17 do Manifesto Europeo de apoio a unha ICE por una regulación da exposición aos CEM que protexa realmente a saúde: http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/GAL_MANIFESTO_EUROPEO_DE_APOIO_A_ICE.pdf

10.- Ver o punto 29 da **Resolución** P6_TA(2009)0216**, de 2 de abril de 2009**, sobre as consideracións sanitarias relacionadas cos campos electromagnéticos [http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Parlamento%20Europeo/Informe%2023.02.2009gal.pdf]

11.- Asociacións de medicina ambiental de EEUU (American Academy of Environmental Medicine), **de países europeos como Alemaña, Austria, Francia, Macedonia, Irlanda, Italia e Suecia** (asinantes do manifesto europeo de apoio a unha ICE por unha regulación da exposición aos CEM que protexa realmente a saúde) **e de ámbito europeo** [European Academy for Environmental Medicine (EUROPAEM)]. Colexios profesionais como o **Colexio de médicos de Austria** e o **Colexio Oficial de Biólogos de Galicia** (asinante do manifesto europeo mencionado).

12.- Como o chamamiento Internacional de 2015 de 220 científicos de 41 países, implicados no estudo dos efectos biolóxicos e médicos dos campos electromagnéticos non ionizantes, solicitando á ONU e á OMS protexer aos humanos e á fauna da exposición a ditos campos e da telefonía sen fíos. Ver máis chamamentos en http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_documentos.htm#Declaracions_cientificas

13.- https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2016-7303

14.- Real Decreto 1066/2001, de 28 de setembro, polo que se aproba o regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte ás emisións radioeléctricas [https://www.boe.es/diario_boe/txt.php?id=BOE-A-2001-18256].

15.- No Informe BioInitiative 2007-2012 (http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative) e na Monografía 20110 da Comisión Internacional para a Seguridade Electromagnética (ICEMS) sobre "os efectos non térmicos e mecanismos de interacción entre os campos electromagnéticos e a materia viva" (http://www.icems.eu/papers.htm), confírmanse a aparición de bioefectos CEM (efectos non térmicos) dentro dos límites permitidos nas normas de referencia do ICNIRP/FECC. Ver *Recomendacións de saúde pública e elementos científicos craves* [en BioInitiative 2007: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/BIOINITIATIVE._RECOMENDACIONES_Y_%20ELEMENTOS_CIENT%CDFICOS_CLAVE.Gal.pdf], e Táboa 1-1 de Conclusións Xerais [en BioInitiative 2012: http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/bioinititive/2012/section_1_table_1_Bioinitiative2012_gal.pdf].

A falta de transparencia e a existencia de conflitos de interese entre os membros dos organismos que determinan os valores límites de exposición, foron criticados ata polo Comité Económico e Social Europeo no punto 1.4 do seu ditame relativo á Directiva europea que transcribe este Real Decreto [http://eur-lex.europa.eu/legal-content/ES/TXT/?uri=CELEX:52011AE1855]. Ver tamén o Informe de xuño 2015 elaborado por AVAATE (Asociación Vallisoletana de Afectados por las Antenas de Telefonía Móvil) sobre os conflitos de interese existentes no ICNIRP (http://www.avaate.org/IMG/pdf/escrito_web_icnir_castellano.pdf) e a Reclamación de organizacións sociais europeas á Defensora do Pobo Europea (marzo, 2015: http://www.peccem.org/SCENIHR.html) e á Comisión Europea *sobre «informe SCENIHR 2015 sobre os posíbeis efectos á saúde da exposición aos campos*

electromagnéticos» (agosto de 2015: http://www.iemfa.org/news/scenihr-2015-opinion-complaint-to-the-european-commission/).

16.- Son moitas as axencias europeas, como a **Oficina Federal de Protección Contra as Radiacións** (BfS) de Alemaña, a **Oficina Federal de Saúde Pública** (OFSP) da Confederación Suíza e a **Santé Publique France**, as que recomendan estratexias para reducir ao mínimo a exposición persoal nunha **conexión con wifi** (cando non é posíbel unha conexión por cable), no uso da **telefonía sen fíos tipo DECT** (cando non é posíbel unha conexión por teléfono fixo, primando os teléfonos DECT que posúan a Eco opción de non emitir en "standby" ou aconsellando unha distancia de 50 cm entre as estacións base DECT desprovistas do modo ECO e o posto de traballo ou o lugar de lecer) ou no uso do **teléfono móbil**. En canto ao uso dos **Smartphones**, o **Colexio de Médicos de Viena** (decembro 2015) editou un cartel informativo, presente en centros de saúde e hospitais, con 10 recomendacións para minimizar a exposición electromagnética do seu uso. No Estado Español tamén hai institucións sanitarias (**Osakidetza**, servizo vasco de saúde) ou sociedades médicas (**Sociedad Española de Protección Radiológica**) que dan algún tipo de consellos para minimizar a exposición electromagnética, como demandan o **Colexio de Biólogos de Galicia**. **O Real Decreto 299/2016, de 22 de xullo, sobre a protección da saúde e a seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición aos campos electromagnéticos, non determina prioridades de elección ante as distintas tecnoloxías nin sobre as súas formas de uso de menor risco**.

17.- Extracto do programa sindical electoral (2014-2015) da Confederación Sindical de Traballadoras e Traballadores do Ensino (CSTs-Intersindical). Actualmente encontramos distintas actuacións no ámbito sindical: SUATEA, CCOO, CSI, USO, Sindicato de Estudantes (ver nota de prensa da *Plataforma Asturiana Escuela sin Wifi*), ELA-STV (ver guía sindical), STEE-EILAS, Corriente Sindical d'Izquierda (asinante do Manifesto Europeo da ICE xunto con USO Asturias e a secretaria Confederal de Saúde Laboral e Medio Ambiente de CCOO), … Ver informe sobre contaminación por radiación electromagnética na Universidade de Murcia (xuño 2016) presentado por CCOO ao Comité de Seguridade e Saúde da Universidade de Murcia. Ver tamén noticia sobre sentenza de recoñecemento da SQM como enfermidade laboral (outra enfermidade ambiental ligada frecuentemente á EHS) defendida polos SS. Xurídicos do CSI-F en Ourense.

18.- Ver a lei francesa n° 2015-136 do 9 de febreiro de 2015 relativa á sobriedade, á transparencia, á información e á concertación en materia da exposición ás ondas electromagnéticas: http://www.avaate.org/spip.php?article2590

19.- O concello de Hospitalet desactivou o Wifi das escolas infantís municipais en abril de 2014, logrando diminuír os niveis en ditos centros por debaixo dos límites marcados pola resolución 1815 do Consello de Europa. Ver escrito á Consellera d'Ensenyament de la Generalitat de Catalunya: http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ESCUELA/ESCRITO_CONSELLERA_RETIRADA_WIFI_HOSPITALET_CAST.pdf

20.- A campaña da PECCEM **contra a nova Lei Xeral de Telecomunicacións** (2014) contou coa entrega de **mocións municipais** en más de **47 concellos de 15 comunidades autónomas** (Andalucía, Aragón, Asturias, Canarias, Cantabria, Castela e León, Cataluña, Estremadura, Galiza, Comunidade de Madrid, Murcia, Navarra, País Vasco, A Rioxa, Comunidade Valenciana), **dous deputacións provinciales** (Valladolid e Barcelona) **e tres parlamentos autonómicos** (Galiza, Navarra e Rioxa) [http://www.peccem.org/LGTel.html]. Ver dossier galego de prensa [http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Prensa/Dossier%20prensa.2013-2014.LXT.pdf].

21.- A PECCEM e EQSDS organizamos en xuño de 2014 unha **Xornada conmemorativa do Día Internacional contra a Contaminación Electromagnética (26.06.2015) na sede do Parlamento Europeo en Madrid**: ***Cara a un recoñecemento integral da electrohipersensibilidade en Europa? A escola canteira de electrosensíbeis?***, con relatorios do ámbito científico, do Comité Económico e Social Europeo (CESE), da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), de europarlamentarias/os, de persoas EHS e do campo asociativo. Ver programa da xornada [http://www.apdr.info/electrocontaminacion/plataforma/Plataforma%20Estatal/Xuno/Programa.con.v%C3%ADdeos.Xornada_26Xu%C3%B1o2015_SedeParlamentoEuropeoMadrid.gal.pdf] e nota de prensa da APDR [http://www.apdr.info/relac_medios/N.P.%2002.07.15_%20Nota%20APDR_PECEM-AMPLIADA.pdf]

22.- O **Manifesto Europeo de apoio a unha ICE por unha regulación da exposición aos campos electromagnéticos que protexa realmente a saúde**, froito do consenso entre organizacións europeas nun encontro en Madrid organizado pola PECCEM en xuño de 2013:
http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/GAL_MANIFESTO_EUROPEO_DE_APOIO_A_ICE.pdf

Entre os asinantes deste manifesto europeo hai científicos, investigadores e expertos, así como colexios e asociacións profesionais, e representantes de organizacións da sociedade civil [defensores da saúde, consumidores, veciños, ambientalistas, ecoloxistas, sindicalistas, nais e pais, persoas afectadas de síndromes de sensibilización central (electrohipersensibilidade, sensibilidade química múltiple, fatiga crónica, fibromialxia, etc.) e de tumores cerebrais, persoas comprometidas na loita contra a contaminación electromagnética, ...) procedentes de 26 países (Arxentina, Australia, Austria, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, Finlandia, Francia, Alemaña, India, Irlanda, Italia, Macedonia, Países Baixos, Panamá, Polonia, Portugal, Reino Unido, Rusia, Sudáfrica, Eslovaquia, España, Suecia, Suíza e Estados Unidos). Ver a listado de asinantes en Inglés:
http://www.peccem.org/DocumentacionDescarga/Campanas/ICE2013/SignatoriesManifestoECI_EMF_June-2016.pdf